

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Aprobación Oferta de emprego público ano 2023

EXPEDIENTE: 2023/G003/000301

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1694/2022, de 26 de decembro, pola que se prorroga o Orzamento municipal do ano 2022, así como as súas Bases de execución no referido ao anexo contable do Capítulo I e documentos referidos ao persoal municipal, así como os artigos das anteditas Bases de execución referidos á tramitación e procedemento das retribucións do persoal ao servizo do Concello de Teo.

Visto o Informe do Departamento de Recursos Humanos de data 6 de marzo de 2023, incorporado ao expediente.

Visto o disposto nos artigos 37, 69 e 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, nos artigos 48 e concordantes da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, no artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 33 e concordantes do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo e o artigo 34 e concordantes do Convenio Colectivo do Concello de Teo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2023, que contén os seguintes postos de traballo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

PERSOAL FUNCIONARIO

Escala	Subescala	Clase	Categoría	Grupo	Nivel	N.º Postos
Administración Especial	Servizos Especiais	Policía	Policía	C1	18	1

PERSOAL LABORAL

Praza	Categoría	Grupo	Número de postos
Telefonista	Auxiliar administrativo	C2	1
Encargado Servizos Básicos (*)	Encargado Xeral	C1	1
Coordinador Actividades Deportivas (*)	Administrativo	C1	1
Encargado Obras Municipais (*)	Encargado Xeral	C1	1

(*) Praza incorporada por execución da Oferta de Emprego Público 2019

Segundo.- Publicar a oferta así aprobada no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial do Estado, así como no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste Concello: www.teo.gal.

Terceiro.- Dar traslado desta Resolución á Subdelegación do Goberno e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Cuarto.- Convocar as prazas ofertadas en execución da presente Oferta de Emprego Público dentro do prazo improrrogable de tres anos a contar desde a súa data de publicación.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria accidental, que dou fe
María Elena Sueiro Fernández